## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1.- Libros dixitais da plataforma Edixgal
2.- Material dixital complementario os libros dixitais (historias, vídeos, cancións...)
3.- Ordenador convertible en tablet d@ alumn@ (pertencente ao plan Edixgal)
4.- Páxinas web
5.- Libros de lectura
6.- Encerado dixital interactivo
7.- Posters e murais
8.- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar
9.-Xogos
10.- Vídeos
11.- Rimas e cancións
12.- Material funxible

Comezar dicindo que ter a nosa propia aula de Inglés facilita ter os nosos materiais nun espazo común que sentimos como o noso "pequeno Mundo" no cal poder traballar de xeito cómodo e motivador.

Dispoñemos dos seguintes recursos didácticos materiais e dixitais:

1.- Utilizaremos libros dixitais gracias á plataforma Eva Edixgal. Nela colgaremos aqueles textos e actividades que consideremos para cada unidade didáctica.

2.- Dispomos de material dixital que utilizamos para complementar o noso traballo, temos as distintas actividades con audios, vídeos, xogos, pósteres, flashcards, cancións...

3.- Cada alumn@ conta cun ordenador portátil, convertible en tableta, pertencente ao plan Edixgal, para a súa conexión e traballo dos diferentes contidos das áreas curriculares.

4.- Tamén utilizaremos distintas páxinas web para complementar o noso traballo.

5.- Libros de lectura de temáticas variadas: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

6.- Encerado dixital interactivo - smart board. Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

7.- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

8.- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar. Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

9.- Xogos variados, para traballar de forma lúdica as diferentes temáticas da materia.

10.- Vídeos de plataformas coma YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas...

11.- Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

12.- Material funxible como o caderno para os apuntamentos, fichas, debuxos, ...

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso farase unha avaliación de diagnose no grupo de alumnado centrada en coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión oral, comprensión escrita, e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar. A avaliación inicial levarase a cabo, mediante exercicios orais e escritos, individuais e en gran grupo, reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración.

O mesmo se fará coa observación directa por parte do profesorado, rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	43	43	43	43	34	43	43	40	40	<b>41</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	57	57	57	57	66	57	57	60	60	<b>59</b>

#### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán incluídos na devandita adaptación.

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes marcadas polos instrumentos de avaliación determinados na programación: as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno, os exames... Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores poderán ser rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como aspectos tales como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución das tarefas, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para obter a cualificación en cada unha das avaliacións ao longo do curso, teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma é progresivo polo que ao inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menor seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de autoaprendizaxe. En consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e decidir a cualificación para cada alumno/a. Por todo isto, a nota final será a nota da terceira avaliación.

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe, segundo se establece na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

#### **Criterios de recuperación:**

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Levaranse a cabo apoios e reforzos educativos cando se considere oportuno, co fin de que o alumnado que non avance ao ritmo da maioría do seu grupo, poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Debemos facer propostas para atender ao alumnado real que teñamos no grupo, coas características que presenten. A modo de exemplo citamos as seguintes:

\* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. ..., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.
- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).
- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.
- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.
- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.
- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

\* Nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe:

- Incluílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

\* Nenos e nenas con trastornos de conduta: buscar a coordinación co equipo de profesorado e a orientadora do centro, de tal xeito que podamos incluílo nas actividades da aula.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación cívica e constitucional	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Os dereitos da Infancia	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento	X
ET.6 - Educación cívica e constitucional	X
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes	X
ET.8 - Os dereitos da Infancia	X
ET.9 - A resolución pacífica de conflitos	X

### Observacións:

Nesta programación seleccionamos estes elementos transversais, pero traballaremos todos aqueles que poidan ir xurdindo ao longo do curso, xa sexa porque xurdan de forma espontánea ou por cuestións de actualidade. Consideramos que todos eles, con maior ou menor peso, son traballados nas distintas unidades didácticas.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1.- Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.	X	X	X
2.- Visitas ao centro	Contacontos, profesionais de distintos sectores....	X	X	X
3.- Conmemoracións da escola	Samaín.magosto, Nadal, Entroido, 8-M, ....	X	X	X



Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4.- Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Christmas, Easter....	X	X	X
5.- Actividades relacionadas co tema do proxecto interdisciplinar de centro	Este curso traballárase "Campaña solidaria dende A Guía"	X	X	X

#### Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo na aula. Trátase de aproveitar o traballo de ditas actividades para enriquecer o vocabulario e expresións na LE. En relación ao proxecto interdisciplinar de centro, que este curso será a "Campaña solidaria dende A Guía", destacar que ao longo do curso irán xurdindo distintas actividades vinculadas ás unidades didácticas que se presten a elo. Trátase dun tratamento interdisciplinar desta temática con todas as áreas.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Considérase axeitada a aplicación dos criterios de avaliación de aprendizaxe.
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Foi axeitada a metodoloxía empregada.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Levou a cabo un aproveitamento dos recursos cos que contamos.
Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Fon axeitadas as medidas de apoio empregadas.
Clima de traballo na aula
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado.
Consegiuse unha boa relación cos distintos sectores que conforman a comunidade educativa.

### **Descrición:**

Con estes indicadores valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporalización das unidades, coordinación entre o profesorado...estes indicadores de logro permitirannos avaliar o nos proceso de ensino e práctica docente.

Os indicadores deben ir asociados ás correspondentes táboas do nivel de logro de cada un. Entre as diferentes opcións destas, escolleremos as que consideremos máis oportunas.

A recollida de información farase ao final de cada trimestre, tendo en conta sempre as anotacións que temos das distintas sesións con observacións, así como os resultados acadados.

Todos estes datos serviránnos para mellorar o noso proceso de ensino e a nosa práctica docente.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados nas sesións de avaliación polo resto de profesorado que traballa con ese grupo, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019438	CEIP A Guía	Moaña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	5º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	56
4.2. Materiais e recursos didácticos	57
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	58
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	58
6. Medidas de atención á diversidade	59
7.1. Concreción dos elementos transversais	60
7.2. Actividades complementarias	61
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	62
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	63
9. Outros apartados	63

## 1. Introducción

Está programación está destinada ós alumnos/as de 5º curso de educación primaria do CEIP A Guía (Moaña). A aula ten escolarizados 12 alumnos, 9 nenos e 3 nenas, que comparten aula dende educación infantil. O curso anterior incorporouse un alumno ao grupo, o cal foi acollido satisfactoriamente.

Son nenos que presentan distintos ritmos de aprendizaxe. O nivel madurativo tamén é moi desigual.

O equipo de mestres que os atende son os seguintes: o titor, a titora de 3º curso de primaria (que lles impartirá proxecto competencial e plástica) mestra de Educación Musical, mestra de Educación Física, mestra de Lingua Inglesa, mestra de Relixión, mestra de PT e mestra de AL.

O centro, ademáis, conta cunha orientadora compartida con outro CEIP, que ven dous días á semana.

A aula dispón dun encerado dixital co seu correspondente proxector é durante este curso todo o alumnado terá coma ferramenta de traballo un ordenador portátil, xa que nos incorporamos ao proxecto E-DIXGAL. Isto incrementa as posibilidades de acción educativas e a conseguinte mellora da práctica diaria escolar.

Propónse unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Canto me alegro de verte!	Contidos a traballar Lectura comprensiva Vocabulario: Odicionario. Literatura: Textos literarios e non literarios. Gramática: A comunicación. Ortografía: Sílabas tónica e átonas. Expresión oral e escrita: Presentacións. Avaliar ampliar e reforzar.	10	12	X		
2	E ti como es?	Contidos a traballar Lectura comprensiva Vocabulario: Sinónimos e antónimos Literatura: Poesía. Gramática: Frase e oración. Ortografía: Palabras agudas, graves e exdrúxulas Expresión oral e escrita: Descripción de persoas. Avaliar ampliar e reforzar.	10	12	X		
3	Soñemos!	Contidos a traballar Lectura comprensiva Vocabulario: Palabras homónimas. Literatura: Tipos de rimas. Gramática: A oración: suxeito e predicado. Ortografía: Ditongo e hiato. Expresión oral e escrita: expresar sentimentos. Avaliar ampliar e reforzar.	8	12	X		
4	Non me veñas con ese conto!	Palabras monosémicas e polisémicas. O conto. Os Precusores do Rexurdimento. O nome ou substantivo. Clases de substantivos. O acento diacrítico. Contar un conto. Escribir un correo electrónico.	8	12	X		
5	Pola maña cedo!	Palabras primitivas e palabras derivadas. O Rexurdimento · Narración II · Estrutura do conto. O nome ou substantivo II · Xénero e número. Signos de puntuación: punto, coma, punto e coma, dous puntos e puntos suspensivos EO: pedir e dar información · EE: escribir unha noticia.	8	12		X	
6	Ummmm que rico!	Os prefixos e os sufixos. As Irmandades da Fala · O teatro Personaxes e anotacións. Os determinantes · Artigo determinando e indeterminado. As contraccións. EO: dar instrucións · EE: facer unha sobremesa.	8	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Abre o pano!	Palabras compostas. A Xeración Nós. O determinante · Demonstrativos e posesivos. Palabras con b · Palabras con v Expresar ideas propias e alleas · Facer unha entrada de blog.	8	12		X	
8	Querido diario!	As familias léxicas e o campo semántico. Literatura de posguerra · Longa noite de pedra · Literatura e exilio · O ensaio. O determinante · Indefinidos e numerais. Palabras con h. Expresar desexos · Escribir cartas ao director.	8	12		X	
9	Grande coma un mundo!	Formación do nome · O substantivo. Literatura de exilio · Figuras literarias I. A metáfora e a comparación. Graos do adxectivo. Palabras con x e s. Contar experiencias · Redactar unha folla de reclamacións.	8	11			X
10	Como é a túa casa?	Formación do adxectivo. Nova Narrativa Galega · Figuras literarias II. A personificación. O pronome persoal. Pronomes tónicos e átonos. Palabras con cc e ct. Explicar itinerarios · Describir un lugar.	8	11			X
11	A conxugar!	Formación do verbo. Literatura do século XX á actualidade · Fábulas e mitos O verbo Palabras con i e ll. Expresar acordo e desacordo · O cartel informativo.	8	11			X
12	O país dos mouros	O xentilicio. A banda deseñada · A literatura infantil e xuvenil · As lendas. O adverbio · As preposicións Palabras con -za, -zo, -cio e -cia Falar con cortesía · A instancia	8	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Canto me alegro de verte!	12



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acada as destrezas e competencias lingüísticas	PE	35
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Produce en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Sistematiza a adquisición de vocabulario a través dos textos		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Mostra interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais	TI	65
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Participa en interaccións orais espontáneas.		
CA2.8 - Mobilizar coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos e propondo solucións creativas.	É capaz de levar a cabo estratexias básicas para a escoita activa e a comunicación.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Adquire eficacia lectora.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, contextos variados da literatura galega.	Utiliza con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Utiliza a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Valora os textos literarios en calquera lingua.		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, en actividades literarias compartidas.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Comprende e interpreta textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal.</li> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información).</li> <li>- Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.</li> <li>- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega.</li> <li>- Procesos: interacción oral.</li> <li>- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.</li> </ul>

## Contidos

- Procesos: comprensión oral
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, a información relevante e a integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet.
- Procesos: produción oral
- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega.
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais, con textos variados da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega

## Contidos

- adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.
- Interpretación progresivamente autónoma e compartida das obras literarias en galego a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Creación de textos literarios de maneira libre, en galego e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Identificación de recursos literarios básicos.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
2	E ti como es?	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Produce textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acada as destrezas e competencias lingüísticas		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Produce en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade	PE	38
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua galega de maneira acompañada, formulando hipótese e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Comprende aspectos básicos do funcionamento da lingua galega		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Sistematiza a adquisición de vocabulario a través dos textos		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Mostra interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais		
CA1.2 - Detectar, de xeito guiado e con autonomía crecente en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.	Detecta, de xeito guiado e con autonomía crecente en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos	TI	62
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Identifica as distintas linguas empregadas na súa contorna.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Participa en interaccións orais espontáneas.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas.	Expresase oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.		
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, contextos variados da literatura galega.	Utiliza con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Utiliza a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Valora os textos literarios en calquera lingua.		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, en actividades literarias compartidas.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Comprende e interpreta textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica.
- Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma.
- Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes.
- A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística.
- Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Xéneros discursivos
  - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
  - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información).
  - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.
  - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega.
- Procesos: interacción oral.
  - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
  - Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
  - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
  - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
  - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet.
- Procesos: produción oral
  - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
  - Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Contexto
  - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Xéneros discursivos
  - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).

## Contidos

- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega.
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario , así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais, con textos variados da literatura galega.
- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais básicas.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.
- Interpretación progresivamente autónoma e compartida das obras literarias en galego a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
### Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto terá lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente.



## 6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas, no caso de que sexa necesario.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

### Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballarase ao abeiro do B2 no 3º trim. e a través da construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuación sobre cancións de inverno.	No primeiro trimestre faremos interpretación de cancións estivais a cargo do alumnado do centro.	X		
Concerto Letras Galegas.	Concerto no 3º trimestre a cargo do alumnado como resultado das músicas investigadas sobre os valores que aporta unha campaña solidaria, UD4.			X
Concerto didáctico da Escola de Música Municipal de Moaña.	Concerto didáctico no 1º trimestre a cargo do profesorado da escola e previa realización da UD que eles mesmos propoñen.	X		

### Observacións:

As actividades complementarias teñen un carácter flexible, xa que no transcurso do curso académico poden xurdir novas propostas de concertos ou obradoiros.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

### Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e, entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019438	CEIP A Guía	Moaña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	5º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

## 1. Introducción

Esta programación didáctica desenvólvese no CEIP A Guía, centro ubicado na parroquia de Meira, pertencente ao concello de Moaña, na provincia de Pontevedra. O colexio está formado por dous niveles de Educación Infantil e seis niveles de Educación Primaria, sendo este un centro dunha única liña e oito unidades.

Esta programación está dirixida a parte do alumnado de 5º de educación primaria, en concreto a 8, 2 nenas e 6 nenos.

O equipo de mestres/as que os atende son os seguintes: o titor, mestra de Educación Musical, mestra de Educación Física, mestra de Lingua Inglesa, mestra de Relixión, mestra de PT, a mestra de AL e a titora de 3º que lles impartirá dúas áreas: a Educación Plástica e visual e Proxecto Competencial.

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 5º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Propoñemos unha programación aberta e flexible que favoreza a inclusión, a atención personalizada, a responsabilidade e a autonomía do alumnado e que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e amable prestando especial atención o reforzo positivo e o respecto.

Dende esta área contribuiremos ao PDI do centro titulado "Campaña solidaria dende a Guía"

A área do Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade..

Traballaremos este proxecto competencial tendo en conta os tres bloques desta área:

Bloque 1 : Definición de proxectos.

Bloque 2: Execución de proxectos.

Bloque 3 : presentación de proxectos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que queremos saber e facer?	Realizaremos unha choiva de ideas para saber que sabemos do tema do PDI e decidiremos que queremos facer.	30	13	X		
2	Como o imos facer?	Agora que sabemos o que queremos facer, imos planificar como facelo.	35	12		X	
3	Presentación do traballo realizado	Presentación e exposición do produto final.	35	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que queremos saber e facer?	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do coidado do medio ambiente, e en concreto da Ría de Vigo.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
2	Como o imos facer?	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Presentación do traballo realizado	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: Campaña solidaria dende a Guía. Na área de proxecto competencial traballaremos aspectos e colaboraremos co PDI. Ademais poderse que participemos nalgún outro proxecto que parta dos intereses do alumnado.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos, anuncios, folletos...)
- Ciencias Sociais (respecto, compromiso, solidariedade, ...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

O produto final poderá ser presentado o día que se presente ao resto da comunidade o produto final do proxecto de centro.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

<b>Denominación</b>
Caderno de aula
Ordenadores
Material funxible (cartulinas, botellas para reciclar, pinturas...)

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases será a aula de 3º, que conta cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

O alumnado ten un ordenador convertible en tablet (proporcionado a través do plan Edixgal) que poden utilizar para as súas investigacións.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán incluídos na devandita adaptación.

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes marcadas polos instrumentos de avaliación determinados na programación: as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo nos cadernos, resumos, esquemas, mapas conceptuais, e probas obxectivas (controis, exames...). Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como aspectos tales como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para obter a cualificación en cada unha das avaliacións ao longo do curso, teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores e probas escritas que imos utilizando en cada UD

A nota final será a media das tres avaliacións.

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe, segundo se establece na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación correspondente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X
ET.7 - Educación cívica e constitucional	X	X	X
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.9 - A resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.10 - Os dereitos da infancia	X	X	X

**Observacións:**

Nesta programación seleccionamos estes elementos transversais, pero traballaremos todos aqueles que poidan ir xurdindo ao longo do curso, xa sexa porque xurdan de forma espontánea ou por cuestións de actualidade. Consideramos que todos eles, con maior ou menor peso, son traballados nas distintas unidades didácticas.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas pola contorna	Visitaremos asociacións, empresas e lugares relacionados co PDI	X	X	X
Participación na exposición do produto final do PDI	Difusión informativa do proxecto no terceiro trimestre			X

### Observacións:

Con estas actividades, búscase complementar o proceso educativo, relacionando o traballado na aula co noso entorno.

Perséguese motivar ao alumnado, reforzando o seu proceso de aprendizaxe, contribuíndo á mellora da consecución dos obxectivos previstos.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Adecuación da aplicación dos criterios de avaliación de aprendizaxe.

### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

Todos estes datos serviránnos para mellorar o noso proceso de ensino e a nosa práctica docente.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno da profesora, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019438	CEIP A Guía	Moaña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	5º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28



## 1. Introducción

CEIP A GUÍA , Meira. MOAÑA  
ÁREA  
RELIXIÓN CATÓLICA  
5º CURSO E.P.

NIVEL

PROFESORA  
INÉS DURÁN SANTIAGO

LOMLOE

O DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia será o marco de referencia para realizar esta programación.

· As ensinanzas de relixión incluíranse na educación primaria de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

· A consellería con competencias en materia de educación garantirá que, ao comezo do curso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais poidan manifestar a súa vontade de que as súas fillas, os seus fillos ou as persoas que tutelan reciban ou non ensinanzas de relixión.

o Ao longo desta etapa, coas propostas metodolóxicas e as aprendizaxes da área de Relixión Católica, enriquecese o proceso de desenvolvemento persoal e social dos nenos: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal e cultural; desenrólanse aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social e forman parte do necesario crecemento interior. Estas aportacións supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao término desta primeira etapa da ensinanza básica.

o Unha das finalidades educativas da Relixión católica é facilitar a comprensión da tradición social e a identidade cultural, para aprender a vivir cos outros, a respectar a natureza, aprender a construír entornos inclusivos e diversos e construír a casa común.

o Na clase de Relixión atenderase a parte emocional do alumnado e potenciaranse actitudes e valores cristiáns que favorezan a convivencia: Perdón, Igualdade, Sinceridade, Solidariedade, Empatía, Altruismo, Gratitude, Tolerancia, Resiliencia, solución Pacífica de conflitos a través do diálogo...

o Este curso en especial, continuaremos coas tarefas de investigación e coñecemento do noso patrimonio cultural relixioso e festas tradicionais.

o En apoio ao PDI deste ano "Campaña Solidaria: Alimentos para todas e todos", os temas sobre as ONGs e as obras de misericordia, os Dereitos Humanos e hábitos de vida saudables, serán unha constante en todas as UD.

### CONTEXTUALIZACIÓN

o A praza de Relixión será compartida co CEIP A Guía de Meira, Moaña, co EEI Verducedo de Moaña e co CEIP Sequelo de Marín; este último como centro base.

o A distribución de días será a seguinte:

Luns, mércores e venres : CEIP Sequelo, Marín.  
Martes e xoves: CEIP A Guía de Meira, Moaña.  
Mércores: EEI Verducedo, Moaña.

• Moaña é unha vila mariñeira con ampla tradición relixiosa. A maioría dos nenos teñen nas súas familias algún parente relacionado coa vida do mar.

• Moitos dos nenos asisten á catequese das súas respectivas parroquias, pero non todas as familias dos nenos que asisten á clase de Relixión son católicas; a saber, católicos practicantes, non practicantes, non crentes.

• A relación entre as diferentes confesións da vila de Moaña é de respecto mútuo. Esta actitude de respecto queda ben reflectida na convivencia da nosa comunidade educativa.

Número de alumnos e distribución:

- o Unha aula, 5º, cun total de 7 alumnos castelanfalantes.
- o No colexio hai unha aula específica para relixión, pero neste caso o grupo quedará na aula por non haberen pizarra dixital nin ordenador na aula de Relixión.
- o A clase de música ou a propia titoría suplirá ás veces a carencia de pantalla dixital na aula de Relixión.
- o Contamos cunha biblioteca de aula.
- o O horario da materia será dunha sesión semanal de 50 minutos.

**Datos lingüísticos:**

- o A lingua vehicular será o castelán aínda que nalgún momento da programación se visualicen producións en galego ou se cante en galego como apoio ao proxecto lingüístico.

**Análise dos resultados do curso anterior:**

- o Os resultados académicos dos alumnos nesta materia de Relixión son do 100% de aprobados, cunha media de notable.

**Outros aspectos relevantes:**

- o Non hai casos con dificultades concretas que se deba destacar.
- o Contamos cun blog de clase que intenta servir de reforzo e profundización ás actividades levadas a cabo na aula.
- o A páxina web do colexio dará visibilidade a aqueles traballos audiovisuais realizados na clase de Relixión Católica.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos crave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	1. A BIBLIA	1. O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. 2. Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática 3. Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. 4. Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e a escoita	10	3	X		
2	2. O IMPULSO MISIONEIRO	1. Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá. 2. Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá. 3. A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinas. 4. Compromiso e transformación social na acción da Igrexa.	10	3	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	3. UN FUTURO DE ESPERANZA	1. Ritos, tradicións e festas de diversas relixións entorno a morte, explicitando a achega do cristianismo. 2. Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa. 3. Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.	10	2	X		
4	4. XESÚS É O MESÍAS	1. A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Deus Trindade. 2. Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais. 3. María, modelo de crente.: o Advento. 4. Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividadeas, tradicións e celebracións relixiosas.	10	6	X		
5	5. RECORDAMOS: ALEGRÍA e PAZ TRADICIÓN.S.	1. Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. 2. . Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. 3. Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.	10	3		X	
6	6. A PAZ SEXA CONTIGO	1. A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas. 2. A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación.	5	1		X	
7	7.DEUS DA A LIBERDADE (Moisés)	1. Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. 2. A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián. 3..Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus. 4..A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.	10	4		X	
8	8.SEMANA SANTA (Eucaristía)	1. A vida cristiá e a celebración dos sacramentos. 2. A paixón, morte e resurrección de Xesús e a celebración da Pascua na Igrexa.	10	4		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	9. PASCUA DE RESURRECCIÓN. (o domingo)	1. O Credo da Igrexa católica. 2. Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. 3. - A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.	10	4			X
10	10. MULLERES DA BIBLIA.	1. Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática. 2. Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa. 3. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.	10	3			X
11	11. GRANDES AMIGOS (David e Jonathan)	1. A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián. 2. - Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.	5	2			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	1. A BIBLIA	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos.	PE	100
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Coñecer o Credo da fe cristiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.</li> <li>- Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	2. O IMPULSO MISIONEIRO	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Recoñecer en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	TI	100
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprender as consecuencias persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e para a promoción do ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas.</li> <li>- Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> <li>- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.</li> <li>- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> <li>- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.</li> <li>- A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación.</li> <li>- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.</li> <li>- Compromiso e transformación social na acción da Igrexa.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	3. UN FUTURO DE ESPERANZA	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Recoñecer desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	TI	100
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Reflexionar sobre o propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> <li>- Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa.</li> <li>- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	4. XESÚS É O MESÍAS	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Recoñecer aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta a aportación de Xesucristo á sociedade actual.	TI	100
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Apreciar a propia identidade cultural e tradicións locais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Respectar o relixioso na pluralidade de culturas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> <li>- Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.</li> <li>- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.</li> <li>- A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade.</li> <li>- A vida cristiá e a celebración dos sacramentos.</li> <li>- María, modelo de crente.</li> <li>- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	5. RECORDAMOS: TRADICIÓN. ALEGRÍA e PAZ	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas.	PE	100
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprender a mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	6. A PAZ SEXA CONTIGO	1

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta.	TI	100
